

Kanban e Lean para a Xestión Áxil de Proxectos TIC - Curso oficial Scrum Manager

Descrición

Curso práctico con exercicios e simulacións no que os e as asistentes aprenden os conceptos e aplicacións de Áxil, Lean e Kanban e descubren os principios para o deseño e implantación flexible de técnicas e artefactos kanban na súa empresa.

Un curso cunha visión aberta e flexible, máis aló de metodoloxías, baseada nos principios e a capacidade das persoas para deseñar o marco de traballo que se adapta á súa empresa, e non ao revés.

Obxectivos

- Experimentar a través de prácticas
 - A potencia dos equipos autoorganizados
 - Desperdicio da multitarea
 - Principios, fortalezas e debilidades das diferentes contornas de produción PULL/ PUSH
 - Os beneficios da limitación do traballo en curso (WIP)
- Identificar as Fortalezas da orientación lean e as súas áreas de aplicación
 - Lean/Áxil
 - Fluxo continuo
 - Mellora continua da calidade
 - Sistemas de información e xestión visual Kanban
- Aprender como crear unha contorna lean para desenvolvo /mantementos de proxectos TIC.
 - Descubrir como desenvolver a autogestión de equipos apoiada con ferramentas kanban.
 - Realizar prácticas reais de configuración de taboleiros kanban adecuados a cada situación: equipos de operación e mantemento. Desenvolvemento de produto. Desenvolvemento de proxectos.
 - Coñecer técnicas de axuste do fluxo de traballo para evitar pescozos de botella e puntos mortos.

Dirixido a

Xestores/as de proxectos e empresas TIC, programadores/as, técnicos/as e calquera profesional interesado/a nas metodoloxías áxiles.

Perfil do docente

- Formador/a de xestión áxil de proxectos e Scrum:
- Profesor/a acreditado/a Scrum Manager, CSM - Certified ScrumMaster, CSPO - Certified Scrum Product Owner.
 - Titor/a formación básica e avanzada para Scrum Manager SAFe 4 Certified Agilist
 - Coach Áxil e Scrum Master con experiencia real en proxectos de implantación de metodoloxías áxil en grandes organizacións de diferentes sectores (Banca & Seguros, Administracións Públicas, TIC,...).

DURACIÓN	20 horas
PROGRAMA	Programación 2018/19
MATRÍCULA	Gratuíta
METODOLOXÍA	Presencial
TIPO	CURSO
BENEFICIOS	
HORARIO	De luns a venres de 16:30 a 20:30 horas.
PERIODO INSCRIPCIÓN	31/10/2018 - 15/11/2018
PROBA DE SELECCIÓN	20/11/2018, 16:30
PERIODO DOCENCIA	10/12/2018 - 14/12/2018
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
Nº PRAZAS	20 (Mínimo 10)

Temario

- Introducción
 - Presentacións: Actividade colaborativa con uso de post- its e taboleiro
 - 5 Whys: Por que asistimos a este curso?
- Sistemas Lean/ Kanban
 - Da artesanía á produción Lean
 - Lean e Kanban
 - Pensamento Lean
 - Lean como sistema
 - Lean aplicado a ti
 - Lean e Axilidade
 - A promesa da Axilidade
- Cambio cultural
 - Resistencia ao cambio
 - Descentralizar toma de decisións - Autoorganización
 - Xogo: O nó humano
 - Tomar a perspectiva do/da cliente
 - Refugar falsas crenzas
 - Canto tempo leva escribir un nome?
 - Xestión do cambio
- Visualizar o fluxo da cadea de valor
 - Fluxo da cadea de valor
 - Cadea de valor
 - División do traballo
 - Fluxo na cadea de valor
 - Reducir o desperdicio
 - Visualizar o fluxo
 - Casos prácticos de taboleiros Kanban
- Establecer un sistema de arrastre (pull system) limitando o traballo en proceso (WIP, Work In Process)
 - Sistemas de arrastre
 - WIP - Traballo en proceso
 - The paper airplane game: experimentar un sistema de arrastre
 - Axustar a carga á capacidade
 - Sistema de arrastre e límites WIP
 - Buffers
- Xestionar o fluxo para melloralo
 - Pescozos de botella
 - Fames negras
 - Xestión visual do fluxo
 - Bugs
 - Bloqueos
- Explicitar as políticas do proceso
 - Visualización de clases de servizo
 - Clases de servizo
 - Niveis de servizo
- Colaborar
 - Comportamentos emerxentes
 - Reunións
 - Metas

- Recoller datos e analízalos
 - Métricas
 - Tempo de entrega
 - Tempo de ciclo
 - Capacidade
 - Diagrama de control estatístico
 - Diagrama de fluxo acumulativo
- Simulación Kanban
 - Simulación completa